



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Xunta de Persoal e o Comité de Empresa dos Servizos Centrais

Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Sr. Presidente da Xunta de Galicia,

Esta Xunta de Persoal e Comité de Empresa representa ao persoal funcionario e persoal laboral que traballa nos Servizos Centrais da Xunta de Galicia; órganos unitarios nun dos cales vostede formou parte no ano 1989, porque vostede, aínda que o diga coa boca pequena e en contadas ocasións, é compañeiro noso, vostede, señor Presidente, é un funcionario e tamén foi representante sindical.

Pois ben, como traballadoras e traballadores públicos, queremos manifestarlle que estamos indignados de que vostede, como máximo responsable de todos nós, fale mal dos seus empregados e empregadas, estamos fartos de vostede fale mal dos seus compañeiros.

Frases publicadas na prensa como *"Xa xulgarán os cidadáns se dous días é tarde para cobrar"*, *"O absentismo laboral é un problema moi intenso na Administración Autonómica"* ou deixar caer que non se cumpren os horarios están causando un profundo malestar no noso colectivo, do cal, insistimos, vostede non se pode sentir alleo.

Cando se viu que os empresarios, aos que vostede pon como exemplos de xestión, falasen mal dos seus traballadores e traballadoras publicamente? Pode imaxinar alguén que Amancio Ortega, por poñer un exemplo, fale mal dos que traballan nas súas tendas? Podemos imaxinar tamén un comunicado de Citröen indicando problemas de baixas ou horarios na planta de Vigo?

O peor de todo isto, deste tipo de comentarios, é que ademais non responden á verdade, son falsos e inxuriosos. Esta Xunta de Persoal afirma que estes problemas non son maiores ca nas empresas privadas e temos a certeza de que a Administración Autonómica tampouco ten outro tipo de datos. Ningún dos sindicatos con representación neste órgano está en contra do control horario e todos participamos sempre nas xuntanzas que a tal efecto nos convocou a Dirección Xeral da Función Pública porque entendemos que estes son os canais adecuados para debater estes asuntos, non ir con mentiras á prensa.

Tal vez vostede non teña problemas en chegar a fin de mes, pero unha gran maioría de cidadáns e cidadás que traballamos nesta administración non chegamos nin a mil euros ao mes. E os bancos e caixas, aos que as administracións inxectan cartos a moreas, non agardan nin un só día para cobrarnos as hipotecas e o resto dos recibos. Recibos, por certo, que igual a vostede sóanlle a chinés, porque é doado dicir o que di cando se ten todo gratis: casa, coche, viaxes, luz, auga, teléfono, etc., e pagado todo con cartos públicos, sen falar dos cartos de libre disposición.

Esixímoslle, señor Presidente, que rectifique e se desculpe publicamente perante todas e todos os empregados públicos e cese na campaña de desprestixio á que vostede gozosamente se sumou.

Esta Xunta de Persoal está aberta a dialogar con vostede ou con calquera membro do goberno, pero dende este intre facémoslle saber que ante futuros ataques á nosa dignidade a nosa resposta será contundente.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2011

A Presidenta da Xunta de Persoal



Pilar de Celis Getino

A Presidenta do Comité de Empresa



Ana Landrove Becerra